

LA VOZ

AÑO I

NUM. 1.

NÚMERO SUELTO 5 CÉNTIMOS

Mayo 8 de 1904

DE BUEU

Semanario defensor de los intereses generales.

PRECIOS DE SUSCRICION

En Bueu,	trimestre,	60 centimos de peseta
Fuera,	id.,	75 id. id
Extranjero,	sementre	4 pesetas.

No se devuelven los originales aunque se publiquen.

TARIFA DE ANUNCIOS.

Avisos y anuncios a precios convencionales.

O Entroido de Bueu

A tradición do festexo do Entroido en Bueu ten a súa orixe popular na saída dos 'vascalleiros' ou mascaritas, que dende antigo percorrían as aldeas.

Outras iniciativas máis formais eran as constituídas polos bailes, entre eles o do Casino e a Sociedade Recreativa, que derivarían no coñecido baile da Sala Paraíso.



Xa dende o ano 1898 hai constancia do 'enterro da sardiña' na nosa vila. Esta celebración, adoitábase realizar tódolos mércores de cinza nas vilas mariñeiras, mentres que nas do interior se levaba cabo o enterro do Momo.

No ano 1910, por exemplo, sabemos que unha comitiva percorreu a vila na noite co cadaleito da sardiña. O cortexo fúnebre alumeado por fachos, procedeu a lectura do testamento unha vez chegou á praia:

*Fray xurelo está de luto
la sardina se murió
quedan unas cuantas xoubas
para nuestra salvación.*

*Al llegar a los infiernos
la recibirán muy bien
y con garfios bien calientes
le achicharrarán la piel. [...]*



Paxaro do ano 2000

*Los chillidos que allí dé
se oirán aquí en Bueu
y todas las viejas chochas
llorarán juntas por él.*

*Pobrecito ratoncito
que triste suerte llevó
gori, gori, gori, gori,
a enterrarla y se acabó.*

*La sardina ya está muerta
la vamos a enterrar hoy
la llevarán los demonios
transfigurada en ratón.*

O enterro do Paxaro de Mal Agoiro, non se instauraría ata o ano 1987 por iniciativa de ACIBU, a Asociación de Comerciais e Industriais de Bueu, actualmente integrada en FECIMO.

Este enterro, que aínda se manté na actualidade, consiste nunha procesión ou desfile que remata coa lectura final das coplas ó **paxaro de mal agoiro**, logo do cal, ó igual que acontecía coa sardiña, se executa a tradicional queima.

Dende o ano 2008, o Concello de Bueu asumiu a organización. A partir desa data, co gallo de evitar a perda da tradición entroidera das novas xeracións,

recuperouse o antigo enterro da sardiña. Cada mércores de cinza os máis cativos son os protagonistas. Nunha liña máis continuista, consérvase o enterro do paxaro o domingo de piñata, coa introdución dos premios ós mellores disfraces do desfile.

Faise preciso recoñecer outras labores como a do Bueu Atlético Balonmán, que dende o ano 1982 ven organizando o Festival de Comparsas a beneficio das súas escolas.

Pero sen dúbida, o entroido non sería hoxe posible sen a implicación da veciñanza da vila, que cada ano colabora a manter a tradición.

de 1900 a 1916

Periódico quincenal independiente.

PRECIOS
En Bueu, 50 cts al trimestre
Fuera, 60 cts id.
Extranjero, 1pta id.
Número suelto, 10 centimos.
Anuncios y Comunicaciones a
precios convencionales.

AÑO I

DIRECTOR DON RICARDO PORTELA PAZOS

Bueu, 11 de Agosto de 1912

NUM. 2

UN SÉCULO DE ENTROIDO

Dende comezos do século XX xa podemos atopar referencias ás comparsas buenenses na prensa local e provincial.

Así, en 1900 atopamos a comparsa **La Juventud de Bueu**, dirixida por José Estevez, quen á súa vez musicou as letras compostas polo mestre Ramón Bares.

No entroido do ano 1904 saíron as rúas as comparsas **Los Vizcaínos**, de Beluso, **Los Juglares** e **Los Aragoneses**. Estes últimos, contaban con traxes coidadosamente confeccionados. Do mesmo xeito, esmeradamente elaboraba as súas letras e música o seu director, o Señor Citina, director da Banda do Reximento de Murcia en Vigo. O seu ensaio diario es-

taba á cargo do mecánico da fábrica Massó Francisco Paz e non era outra senón Matilde Bares quen ostentaba o recoñecemento de ser a súa presidenta de honor.

Nese mesmo ano, unha comparsa de nome descoñecido, entonou na *Taberna da Charanguíña* -posteriormente a de Pancho, na Graña-, as estrofas que seguen:

*Tenemos aquí en la Graña
un lavadero especial,
tiene techo y alumbrado
y calefacción central.*

*Como la luz ya no ilumina
cierta joven confundió,
los calzoncillos qdel novio
que para casa llevó.*

*Que triste mique juque
juque juque juqueje
este es el baile chipé
que se baila superior. [...]*

En 1905 hai constancia de que catro comparsas tomaron as rúas buenenses: **Los tres ciegos**, **Los Trovadores** (antigos Vizcaínos), **Los cuatro concertistas** e, por último, **Los Guardias Municipales**, cuxo local de ensaio situabase na praia.

En 1906 aparecen **Los Gitanos** e en 1907 danse a coñecer **Los Especialistas**.

De 1908 a 1912, se ben se coñece que existiron outros conxuntos, solo trascendeu a da organizada pola *Sociedade*

de Recreo de Artesáns, **Los Profetas**, pero non será ata 1913 cando as comparsas **La Banda Española** e **Los de Antes** ocupen as páxinas do rotativo buenense *El Adelanto*, o cal cita algunhas estrofas desta última formación:

*En el nuevo presupuesto
los arbitrios municipales
está muy cara la tarifa
de las plazas y rodajes
que los pobres marineros
hoy tenemos que pagar
dos pesetas por barril
de raba para pescar.*

*Dicen que en este pueblo
se va a hacer una alameda
a la orilla del mar
por el medio de la arena.
[...]*

*Aquí estamos los de antes
muy cansados de pedir
un muelle para bueu
sin poderlo conseguir.*

*Marín ten obras de puerto
Sanxenxo vaille igualando
Moaña e Cangas tamén
Bueu atrás vai quedando.*

Pola súa parte, La Banda Española, de Beluso, interpretaron letras apelando a labo xornalística local:

*[...] Adelante las reformas
que este pueblo desea tanto
adelante todo aquello
que signifique adelanto.*

*Y adelante Iso que escriben
el periódico local
que adelantando se avanza
hacia la prosperidad.*



Comparsa La Juventud de Bueu en 1916

Mayo 8 de 1904

a 1926

Semanario defensor de los intereses generales.

PRECIOS DE SUSCRICION

En Bueu,	trimestre,	60 centimos de peseta
Fuera,	id.,	75 id. id.
Extranjero,	sementre	4 pesetas.

No se devuelven los originales aunque se publiquen.

TARIFA DE ANUNCIOS.

Avisos y anuncios a precios convencionales.

UNHA DÉCADA PROLÍFICA

Do ano 1916 consérvanse as letrillas impresas das murgas **Los Espías Nocturnos**, que incluían ritmos que ían da *guajira* á *muiñeira*, e de **La Juventud Obrera de Beluso**, os cales nun tango recollían:

*Alegrarse gentes
que el Ayuntamiento
de plazas y fuentes
nos quiere dotar.*

*Hermosos jardines
preciosos paseos
sociedades cultas
vamos a alcanzar. [...]*

*Y del tranvía
la construcción
tendremos pronto
una estación.*

*También las calles
van arreglar
pues todas ellas
van adoquinar.*

*Se hará una lonja
descomunal
cuyo progreso
no tenga igual.*

*Desde esta villa
hasta París
no habrá distancia
más que un tris.*

*Hasta Beluso
podrá gozar
de un alumbrado
muy regular. [...]*

En 1918 atopamos a comparsa **Los Invasores**, quenés ó ano seguinte pasaron a chamarse **Los Marinos**.

Jose María Estévez recolle tres murgas entre os anos 1920 e 1922, nomeadas **Los Americanos**, do Enleito, **A Gusto de Todos**, de Beluso, e **Murga**, de Bueu.

En 1924, no contexto da dictadura de Primo de Rivera, saen á rúa á murga **Los Serenos**, de Cela, e **Los Esclavos**, de Beluso.

O ano seguinte aparecen en Bueu **Los Limpiabotas**, comparsa que daría nome á xurrida sete décadas despois no ano 1998.

En 1926 foron coñecidas as murgas **Los Aldeanos**, de Bon, con letra e música de Manuel M. Martínez, e **Los Chicos Balleneros**, quenés nun pasodoble xa citaban ó baile do Paraíso:

*[...] No nacimos para frailes
porque la suerte no quiso
De noche iremos al baile,
llamado el PARAISO.*

*Allí nos divertiremos
Con placer y alegría,
al árbol respetaremos
de la fruta prohibida.*

*A las chicas de este pueblo
le pedimos por favor
que sin temor ni recelo
nos ofrezcan su amor.*

LOS ALDEANOS

PASODOBLE
Los aldeanos hoy día
anhelan salir al pueblo
por ver si un día en la vida
habían al Alcalde nuevo,
que procure reparar
los caminos de este aldea
sin irnos a parar
al país de la Judea.

ESTRIBILLO
Pues aquí cuando llueve
parece una Alameda
si uno no se mueve
al verlo se reíe,
pero lo procierto
no se puede contar
cuando se oye un grito
al tiempo de pisar.

ESTRIBILLO
Porque está luego el camino
lleno de barro y arena
y no habiendo un descansito
para apoyar una pierna,
se cañicra la pastorilla
si antes uno no se sienta
en medio de aquel fangal
de esta pintoresca Aldea.

ESTRIBILLO
Ahora, Concejales
del nuevo Directorio
queremos que se arregle
esto bien para todos.
Se arreglen los caminos
sin más dilatación
para eso pagamos
ruta y contribución.

WALS
Preferiden los Aldeanos
sin embajes al rodear
entrar a los concejales
y si algún día
no tienen ocupación
que vengan en tranvía
a ver esta rianón.

ESTRIBILLO
Pues nosotros non basta razón
nos quejamos a los directores
a los jefes de esta nación,
no desojigan nuestros alambores,
que la serie de nuestra misión
es buscar este bien para todos
en virtud de que somos humanos
pues tened compasión de nosotros.

Los muchachos de este aldea
ya no se quieren casar
desconfiados de que no puedan ganar

ESTRIBILLO
Pues el señor Alcalde
que ya bien sabe como esto está
que obligue a todo vecino
que ese camino se arregle ya
pues cremos esto es origen
de los enfermos y enfermedad.

Los aldeanos gracias y mil gracias os dan
por los servicios que vais haciendo en señal
de un adolanto al mayor
como la Escuela que en Bon
sirviendo de buena guía, maestría y educación.

ESTRIBILLO
Pues el señor Alcalde etc...

BON, Carnaval de 1926.

Música y letra de
MANUEL M. MARTÍNEZ

Letrilla de Los Aldeanos do ano 1926

*Terminado el carnaval
a nuestra ruda faena
saldremos a la mar
a pesca de la ballena.*

*Los balleneros pedimos
a las chicas de este pueblo
las faltas que incurrimos
nos perdonen, hasta luego.*

de 1928 a 1936

Periódico quincenal independiente.

PRECIOS
En Bueu, 50 cts al trimestre
Fuera, 60 cts id.
Extranjero, 1pta id.

Número suelto, 10 centimos.

Anuncios y Comunicaciones a
precios convencionales.

AÑO I

DIRECTOR DON RICARDO PORTELA PAZOS

Bueu, 11 de Agosto de 1912

NUM. 4

O ENTROIDO DE PREGUERRA

Xa en 1928, *Los enviados de la Luna* facíanse eco das demandas veciñais musicadas nun vals:

Dicen que está esperando de Berlín, en dirigible, un cementerio espacioso que el que hay es inservible.

Si no tratan de hacerlo con toda seguridad en el viejo que tenemos ya no hay donde enterrar.

Que se haga pronto ese cementerio que hace mucha falta aquí en este pueblo

pues si algún día una peste hay solo en la playa se podrá enterrar.

O certo e que o novo cemiterio sería un tema presente nas letrillas de moitas murgas posteriores, pois Bueu non contaría con este equipamento municipal ata anos despois.

Nese mesmo entroido tamén sairon na vila a *Murga de los Cuatro Ojos* e *Los críticos del Pueblo*, de Beluso.

O xornal *El Pueblo Gallego* recolle a visita á Bueu da comparsa *Los Rumberos* en 1930, mentres que o ano seguinte aparecían *Las Mormuradoras* e a primeira comparsa infantil da que temos constancia: *Os da Enchente*.

Deste conxunto sábese que estaba formado por crianzas de 6 a 12 anos, e chama a atención que foi unha das primeiras en empregar o galego nas súas letras, quizais polo seu carácter popular.

Xa saíu o carnaval despois de esperalo tanto e faremoslle unha festa ó mesmo que calquer santo.

Destacar neste tempo a figura de Emiliano Rosales 'Manduca', director e compositor de moitas das comparsas de preguerra aquí citadas, entre elas, *Los Amantes del Amor* de 1932.




Emiliano Rosales 'Manduca'

Tamén sobresaíu o labor de Pepe Diz en Cela, autor da música e letra das comparsas *Los Campesinos* (1933) e *Los Hijos del Campo* (1934). Posteriormente, participaría nas murgas *Los Estudiantes*, no ano 1935, e *Los Derribados por el Temporal* de Meiro, xa en 1936.

Este último conxunto, xunto con *Los Obreros*, naturais dos lugares do Outeiro e do Norte, foron as últimas manifestacións do entroido no contexto da II República das que teñamos constancia.

Logo da Guerra Civil e da conseguinte instauración do Réxime Franquista, o entroido buenense entraría nun silencio que duraría dezasete anos, coa excepción, sempre presente, da saída dos vascalleiros nas aldeas.




Letrilla de Las Mormuradoras, 1931

Como nota curiosa, a polémica estivo presente no entroido de 1933 cando varios membros dunha comparsa foron detidos pola Guardia Civil. Así, *El Progreso de Pontevedra* recollía:

COMPARSAS ESCANDALOSAS

A requerimento del alcalde de Bueu, la guardia civil de este puerto detuvo a los vecinos de la parroquia de Cela, Agustín Loira Pastoriza, Manuel Cendón Cortizo, José Rodríguez Chapela, los cuales formaban parte de una comparsa titulada "Los Campesinos", que cantaban coplas alusivas a la política local.



Los Campesinos, 1933

Enterados de ello diez comparsistas más, se solidarizaron con sus compañeros, manifestando que deseaban correr su misma suerte, por cuyo motivo también han sido detenidos.'

de 1953

AÑO I

NUM. 5

NÚMERO SUELTO 5 CÉNTIMOS

Mayo 8 de 1904

a 1963

Semanario defensor de los intereses generales.

PRECIOS DE SUSCRICION

En Bueu,	trimestre,	60 centimos de peseta
Fuera,	id.,	75 id. id
Extranjero,	sementre	4 pesetas.

No se devuelven los originales aunque se publiquen.

TARIFA DE ANUNCIOS.

Avisos y anuncios a precios convencionales.

O REXURDIMENTO

Logo dunha etapa escura de posguerra para o entroido, no ano 1953 racharon o hermetismo as comparsas **Los Nuevos Arrendatarios** e **Los Marcianos**.

Pero non sería ata 1962 cando a saída da **Tuna os da Basoura**, xerme do que logo serían **As Pirilleiras**, marca o inicio da segunda época dourada do entroido en Bueu.

No ano 1963 volven a saír a rúa renomeados como **Los Turistas** e en 1964 como **Los Tren-cillas**. Os seus compoñentes, a maioría da Banda do Río e da Carrasqueira, entoaban mazurcas como a que segue:



Comparsa Os da Basoura no ano 1962

*A fonte nova que temos
xa parece unha monada
fixéronlle dous banquiños
pra esperar a agua sentada.*

*Póis fronte a ela xa vive
un muy novo Concejal
mirar si nos fai algo
prá que arreglen o Ramal.*

*Os forasteiros que veñen
é se paran no relleno
dicen qué reliquas són
referíndose o Penedo.*

*Si ustedes quieren sabelo
ahora dígollo eu
són os váteres que temos
os veciños de Bueu. [...]*



Os Turistas en 1963

de 1963 a 1970

Periódico quincenal independente.

PRECIOS
En Bueu, 50 cts al trimestre
Fuera, 60 cts id.
Extranjero, 1pta id.

Número suelto, 10 centimos.

Anuncios y Comunicaciones a
precios convencionales.

AÑO I

DIRECTOR DON RICARDO PORTELA PAZOS

Bueu, 11 de Agosto de 1912

NUM. 6



Comparsa Los Espaciales en 1969

O AFIANZAMENTO DO ENTROIDO

Os seguintes anos asentárase a tradición comparsa co nacemento de populares conxuntos.

No 1966, **Os Rapaces Modernos** sinalan os comezos do que logo constituirían **As Pirilleiras**, criticando nas súas letras problemáticas como e estado dos camiños e o deficiente alumeadado público.

[...] Por calles empezaremos por todas en general, pois hainas que teñen lagos regueiriños e algo máis.

En cambio o novo alumeadado un acerto general, cando alumbran tres ou catro enviudan as demáis. [...]

Os vindeiros entroidos saíron con nome de **Los Criticones** (1968) e **Los Espaciales** (1969). Na canción titulada *A Nova Alameda* expoñían a caustica deste proxecto:

Disque van facer unha nova en Bueu, unha alameda pois xa estaba proyectada antes de empezar la guerra.

Pero ahora ven por fin porque quere o municipio solo quedamos pendientes de que lle busquen o sitio.

Vamos a festexar a arboleda van plantar para saber donde queda a nosa nova alameda.



Comparsa Los Criticones no ano 1968

Iso e cousa que fai falta neste pueblo que nos temos par que os que estén libres poidan estar de recreo. [...]

Finalmente, en 1970 pasarían a ser **Os Cantinflas**, para constituirse definitivamente en 1971 da man do seu director, Silvino Dopazo Garcia, en **As Pirilleiras**.

1971

AÑO I

NUM. 7

NÚMERO SUELTO 5 CÉNTIMOS

Mayo 8 de 1904

As Pirilleiras

Semanario defensor de los intereses generales.

PRECIOS DE SUSCRICION

En Bueu,	trimestre,	60 centimos de peseta
Fuera,	id.,	75 id. id
Extranjero,	sementre	4 pesetas.

No se devuelven los originales aunque se publiquen.

TARIFA DE ANUNCIOS.

Avisos y anuncios a precios convencionales.

A COMPARSA REFERENTE

As Pirilleiras marcaron un antes e un despois no entroido en Bueu. A figura de **Silvino Dopazo García**, o seu director, mantense aínda viva na memoria carnavalesca. *O Gran Silvino* foi durante máis de 30 anos propulsor e referente desta festa local, que tanto lle debe.



As Pirilleiras nos seus primeiros anos

Las 'Pirilleiras' llegan a Bueu a visitar alegres y contentas porque es Carnaval.

A NUESTRA DIRECTORA QUEREMOS ELOGIAR PUES COMO 'PIRILLEIRA' ELLA NO TIENE IGUAL. [...]



As Pirilleiras

BUEU

ENTROIDO, 1.975

AS PIRILLEIRAS
carnaval '85
BUEU



AS PIRILLEIRAS
1962 - 1992



ENTROIDO 1992
BUEU

Mayo 8 de 1904

GALEGO

Semanario defensor de los intereses generales.

PRECIOS DE SUSCRICION

En Bueu,	trimestre,	60 centimos de peseta
Fuera,	id.,	75 id.
Extranjero,	sementre	4 pesetas.

No se devuelven los originales aunque se publiquen.

TARIFA DE ANUNCIOS.

Avisos y anuncios a precios convencionales.

UN HIMNO BUENENSE

Composta a finais da década dos '60, *Falemos Galego* foi unha letra de *As Pirilleiras* popularizada por coñecidos artistas como *Suso Vaamonde* ou *A Roda*.

Nada do enxeño do veciño de Bueu José Diz, actualmente compoñente de *Os Mulos*, pretende ser unha homenaxe a todos aqueles que empregan a nosa lingua ó tempo que reivindicando o seu uso.

A canción acadou fama na vila no seu momento. Como consecuencia disto, os mozos que realizaron o servizo miliar en Ferrol

cantábana. Semella que ali foi onde Suso Vaamonde a escoitou por primeira vez, decindindo gravala e inmortalizala.



Portada do CD Falemos Galego do grupo A Roda



Jose Diz, autor da letra Falemos Galego nunha foto do Faro de Vigo do ano 2013

FALEMOS GALEGO

*Sabedes que está de moda
entre vellos e yeyeses
a Canción Galega Nosa
que hasta cantan os ingleses.*

*Nos estamos satisfeitos
da nosa fala natal
e rendímoslle homenaxe
no tempo de carnaval, carnaval.*

*Xerardo, Vicente, Honorato e Miguel
cantades galego facedes moi ben
como xa fixeron os da bella ola
falemos galego na rúa e na escola.*

*Un recordo placenteiro
para as novas amizades
que cantaban en galego
alá polas Baleares*

*non estamos moi dacordo
cos que cantan por aí
a cantiga de veiriña
do galego de madrí - de madrí.*

*Xerardo, Vicente, Honorato e Miguel
cantades galego facedes moi ben
como xa fixeron os da bella ola
falemos galego na rúa e na escola.*

*Os Tamara alá moi lonxe
cántanlle ao Santiaguíño
e dicen os casteláns
carallo cos galegiños*

*o galego non é novo
que é máis vello que a requisa
pois o cantaban os cregos
cando inventaron a misa, a misa.*

*Xerardo, Vicente, Honorato e Miguel
cantades galego facedes moi ben
como xa fixeron os da bella ola
falemos galego na rúa e na escola.*

1985 Os Mulos

Periódico quincenal independente.

PRECIOS
En Bueu, 50 cts al trimestre
Fuera, 60 cts id.
Extranjero, 1pta id.

Número suelto, 10 centimos.

Anuncios y Comunicaciones a
precios convencionales.

AÑO I

DIRECTOR DON RICARDO PORTELA PAZOS

Bueu, 11 de Agosto de 1912

NUM. 9



Os Mulos en 1965



Os Mulos no entroido de 1997

MÚSICOS DE OURELLA

Dende 1985 e ata o día de hoxe, levan *Os Mulos* saíndo a festexar ó entroido. Os seus dezanove anos de historia, outórganlle a honra de ser a comparsa máis veterana de Bueu.

Con algúns dos seus compoñentes iniciados nas Pirilleiras, foi ademais a única murga en contar cunha singular mascota, o

can Rambo, de idéntico atuendo que o resto de membros da comparsa.

Nas súas letras aparecen recollidos moitos dos momentos da historia da vila como a demanda veciñal da construción do pavillón ou o instituto, o peche da fábrica Massó, o recheo do porto, a festa da vieira ou a clausura do vertedoiro de Castiñeiras.



1989 Os Peneques

Periódico quincenal independente.

PRECIOS
En Bueu, 50 cts al trimestre
Fuera, 60 cts id.
Extranjero, 1pta id.

Número suelto, 10 centimos.

Anuncios y Comunicaciones a
precios convencionales.

AÑO I

DIRECTOR DON RICARDO PORTELA PAZOS

Bueu, 11 de Agosto de 1912

NUM. 10

MÚSICOS DE GARRAFÓN

Armados cunha gaita, guitarra, tambor, bombo e acordeón, e a iniciativa de Juan Martínez Estevez, nacen en 1989 *Os Peneques*.

Os ensaios realizábanos no Collexio de Beluso, parroquia de onde era naturais, a partir do mes de decembro. O ingreso na comparsa producíase a proposta dalgún dos membros e implicaba a aceptación de tódolos demais.

Como mostra das súas andainas, certo día bautizaron o cruce de Beluso co nome de 'Os Peneques'. Para colocar a placa realizaron un acto público. Desfrutaron do seu derradeiro entroido no ano 2006.



Os Peneques en 1991


OS PENEQUES
MUSICOS DE
GARRAFÓN



ANTROIDO. 89
BELUSO

OS PENEQUES

*Follas
Novas*



*La Donna è Mobile
con pagamento
'Giuseppe' Exclusivas en Verdis*

Antroido 96
BELUSO

OS PENEQUES
A CABRONADA MECÁNICA



ANTROIDO
2000
BELUSO

OS PENEQUES
*¡Que corrida,
madre!*



ANTROIDO 2001
BELUSO

1990

AÑO I

NUM. 11

NÚMERO SUELTO 5 CÉNTIMOS

Mayo 8 de 1904

Chamalle X

Semanario defensor de los intereses generales.

PRECIOS DE SUSCRICION

En Bueu,	trimestre,	60 centimos de peseta
Fuera,	id.,	75 id. id
Extranjero,	sementre	4 pesetas.

No se devuelven los originales aunque se publiquen.

TARIFA DE ANUNCIOS.

Avisos y anuncios a precios convencionales.

O RELEVO XERACIONAL

Nada do entroido do Instituto Johan Carballeira, esta xove comparsa saíu as rúas por primeira vez o carnaval de 1990.

Se ben nun orixe foi un conxunto mixto, a partir de 1992 rapaces

e rapazañas escindíronse formando dúas comparsas diferentes: Chámalle X, masculina, e As Expulsadas, feminina.

Os *Chámalle*, tras 11 anos de singradura, fixeron a súa saída definitiva no entroido de 2001.



Os Chamalle X no ano 1993



De esquerda a dereita: Beni, Zelo, Filorro, Ama, Gato, Simpson, Saio, Puro, Puro, Puro, Puro, Pablo, Mero, Nolas, Corujo, Juli, Jose, Pelon, Villor, Gerard, Castro, Egozi, Diego, Davila, Cristóbal, Dani-L, Cacho, Chari, Chino, Simon e Breixo.

Membros dos Chamalle X no ano 2000



Portadas das letrillas ilustradas por Luis Davila

A finales dos anos oitenta un grupo de chavales de entre quince a desasete anos, todos eles estudantes (uns máis que outros), desidían montar na Banda do Rio un jarito onde poder reunirse para escoitar música, xogar o pim-pon, e botar aljunha que outra "petada". Un pequeno jalpón, propiedade dun dos amigos resultou o lugar perfecto para levar a cabo o sinjular proxecto. Deste modo nasia "O Furrugio", nome que foneticamente recorda a palabra Refugio.), consevido como un lugar de encontro, estadia.....e diversión!!!

Convertiuse rápidamente no sentro de reunión dun nutrido grupo de rapases, que ó ritmo de U2, La polla Records ou Sinistro total, pasaban as tardes dos fins de semana.

O local melloraba día a día: novos discos, instalación eléctrica, posters, aljún que outro sofá rescatado da queima, pintadas subversivas nas paredes, e en definitiva todo aquilo que consideraban util para a comunidade. (De feito non tardou moito en apareser a alasena vella que tras unha man de pintura serviría para alberjar as S.A.S. (Sempre Apreciadas Servesiñas).

O verán do 89 chejaba o seu fin, e a volta o Instituto estaba cada vez mais próxima, pero daquela "O Furrugio" convertírase para todos eles nunha sejunda casa.

A chejada do inverno non se fixo esperar, e con él a chuvia e o frio, ¡E qué frio!

O teito do "Furrú" era de Uralita, os chaparrons zoupaban nel de tal xeito que o sonido da musica quedaba totalmente tapado, (Subindo o volumen o 10 non habia fallo). Os peores eran os días de friáss.

O virujo entraba polas rendijas da porta e a ventana, as paredes e teito caresían de aislante aljún, habia días que aquilo en ves de jalpón paresíaun "Frijorífico Wirpool no frost"

Foi entonses cando, un deses días de forellas escarchadas e pes insensibles, aqueles rapases desidiron poñer fin a aquela ajonía baixo sero. A desición foi tomada con rapidés.....!! Hai que mercar unha estufa de leña!!

Pero.... ¿con que cartos?

A continuación nárrese historia da Comparsa Chamalle X, creada no ano 90 para xuntar cartos e poder mercar unha estufa de Leña.

Orixe dos Chamalle X narrado na publicación conmemorativa do seu X Aniversario

1992 As Expulsadas

Periódico quincenal independente.

PRECIOS
En Bueu, 50 cts al trimestre
Fuera, 60 cts id.
Extranjero, 1pta id.

Número suelto, 10 centimos.

Anuncios y Comunicaciones a
precios convencionales.

AÑO I

DIRECTOR DON RICARDO PORTELA PAZOS

Bueu, 11 de Agosto de 1912


NUM. 12

UNHA COMPARSA PIONEIRA

Escindidas de Chámalle X no 1992, *As Expulsadas* foron a primeira e única comparsa bue-nenense integrada exclusivamente por mulleres.

A participación de mulleres nas comparsas posibilitouse a raíz do nacemento de conxuntos de xente xove durante o boom comparseiro dos '90, se ben ata o momento e durante todos estos anos, todas eran en exclusiva masculinas.

O papel tradicional da muller no entroido, cuxos vestixios aínda herdamos a día de hoxe, era principalmente pasivo. A súa función consistía, fundamentalmente, ben en recibir os piropos ou alagos das comparsas, ben en ser obxecto de crítica moral nas súas letras. Relegada a un segundo plano, non sería ata este momento que comezaría a xogar un papel activo no festexo do entroido en Bueu.



As Expulsadas no ano 1996



Aqui está este pobre vello con un fato de filliños que anda polo mundo adiante para dar bos conselliños.

Si tomades os consellos que vos dá este pobre vello, si vos giades por él, xa vos casan este inverno.

Vosoutras, rapazas novas, se vos queredes casar, esa roupa tan rabela no na debedes usar

Que e unha cousa sin xeito cando ides para misa con unha roupa tan rabela que vos dá pola rodilla.

Metéusebos na cabeza ese tan malo bichoco; pensastes d'esa maneira vos casábades mais pronto.

Renejar de ese bichoco qu'e negro e regaña os dentes falvos perder a vergonza e nunca vos casaredes.

Casaránse esas mocías que tapan mellor as pernas; as que se queiran casar han de facer como elas.

Letrilla de comparsa con Consellos as (mulleres) d'a roupa rabela no entroido de 1929 en Bueu



1995

AÑO I

NUM. 13

NÚMERO SUELTO 5 CÉNTIMOS

Mayo 8 de 1904

Os Mirachilis

Semanario defensor de los intereses generales.

PRECIOS DE SUSCRICION

En Bueu,	trimestre,	60 centimos de peseta
Fuera,	id.,	75 id. id
Extranjero,	sementre	4 pesetas.

No se devuelven los originales aunque se publiquen.

TARIFA DE ANUNCIOS.

Avisos y anuncios a precios convencionales.

A CONSOLIDACIÓN DO ENTROIDO

Dende o 1995 ata o ano 2000, *Os Mirachilis* serán outra das comparsas xoves que colabore ó mantemento da tradición do entroido na vila.

Foron estes os mellores anos da historia do entroido en Bueu, non só polo gran número e calidade de comparsas, senon polo nutrido número de integrantes que as constituían.



Os Mirachilis en 1997



Cleptomania

Suelito Lindo

Campo Tercer Mundialista

A Gran Presentación

Vila Arriba, Vila Abaixo

CAFETERIA ATAUFO'S

CAFETERIA ATAUFO'S
COMPRERÍA
Sólvase Deseos, fíxese un BUEU

1995 A Panda Guai

PRECIOS
En Bueu, 50 cts al trimestre
Fuera, 60 cts id.
Extranjero, 1pta id.

Número suelto, 10 centimos.

Anuncios y Comunicaciones a
precios convencionales.

Periódico quincenal independiente.

AÑO I

DIRECTOR DON RICARDO PORTELA PAZOS

Bueu, 11 de Agosto de 1912

NUM. 14



A Panda Guai no entroido de 1995

UNHA COMPARSA INFANTIL

Durante 6 anos, *A Panda Guai* representou un novo apoxeo na participación dos nenos e nenas no entroido, sendo a única condición a salvar que tiveran menos de 14 anos.

Foi fundada e dirixida por Sofía Ave, tamén autora das letras. Consensuaban os disfraces entre todos para pasar logo a ser elaborados por unha costureira.

Nos desfiles nunca pasaban desapercibidos, desfilaban con xeito ó tempo que tocaban instrumentos como o tambor, a guitarrra ou o gaita. Mostra da súa recoñecida actividade foron os premios que gañaron en lugares como Marín, A Estrada ou Lalín.



2001

AÑO I

NUM. 15

NÚMERO SUELTO 5 CÉNTIMOS

Mayo 8 de 1904

Os do Pinsel

Semanario defensor de los intereses generales.

PRECIOS DE SUSCRICION

En Bueu,	trimestre,	60 centimos de peseta
Fuera,	id.,	75 id. id
Extranjero,	sementre	4 pesetas.

No se devuelven los originales aunque se publiquen.

TARIFA DE ANUNCIOS.

Avisos y anuncios a precios convencionales.

AS NOVAS XERACIONS

Os do Pinsel son unha comparsa xove, de homes e mulleres, que dende o ano 2001 percorren as rúas no entroido.


Ó longo destes anos convertíronse en detectives, mexicanos, hippies, corsarios, tránsnos, tiroleses e ata en festeiros antidisturbios, que con retranca e actualidade cantaban:

*Pasou na capital
 Diante do Congreso
 Dísome miña nai
 Tenme moito coidado
 que te van levar preso*

*Perde o medo mama
 Solo vamos a manifestarnos
 E volvín para acá
 Moradiño, tres costillas rotas
 e os ollos hinchados*



Os do Pinsel disfrazados de antidisturbios no entroido de 2013



2004

AÑO I

NUM. 16

NÚMERO SUELTO 5 CÉNTIMOS

Mayo 8 de 1904

VOU NUN BOU

Semanario defensor de los intereses generales.

PRECIOS DE SUSCRICION

En Bueu,	trimestre,	60 centimos de peseta
Fuera,	id.,	75 id. id
Extranjero,	sementre	4 pesetas.

No se devuelven los originales aunque se publiquen.

TARIFA DE ANUNCIOS.

Avisos y anuncios a precios convencionales.

10 ANOS DE SINGRADURA

Comparsa previsora onde as haxa, **Bou Nun Vou** comeza os seus ensaios no mes de setembro. Son estes encontros un adianto da festa que está por vir, e que poucas veces defrauda.

Ademais das súas escapadas á illa de Ons, son señas desta formación exclusivamente masculina a ácida crítica local e o desleixo no atavío, o cal emprengan de excusa para garantir a troula alí por onde pasan.

Sen dúbida, un dos referentes actuais do entroido en Bueu. Agardemos o continue sendo outros dez anos máis.



Vou Nun Bou no entroido do paxaro de 2012

2014... O que virá!

Periódico quincenal independente.

PRECIOS
En Bueu, 50 cts al trimestre
Fuera, 60 cts id.
Extranjero, 1pta id.
Número suelto, 10 centimos.
Anuncios y Comunicaciones a
precios convencionales.

AÑO I

DIRECTOR DON RICARDO PORTELA PAZOS

Bueu, 11 de Agosto de 1912

NUM. 17



O paxaro de mal agoiro do ano 1997

ATA AQUÍ, POR AGORA...

Esta exposición está baseada na información recollida por Arturo Sánchez Cidrás no Candil de febreiro de 2001 '*100 Anos de Entroido en Bueu*'.

Se ben se centrou nas comparsas máis destacadas, hai moitas que non están aquí recollidas, aparecidas sobretudo na prolífica década dos '90. Algunhas destas murgas documentadas foron: *Os dos Contiños, A Vasoira Metálica, Os Kritikados, Sociedade Anónima, Somos o Demo, Os Papa Hostias, Peña Pistón, Chámanos Babys* e *As máis Faladas*. A todas elas expresar tamén o noso recoñecemento e a súa contribución ó entroido en Bueu.

A día de hoxe, son catro as comparsas que continúan trouleando polas rúas e locais da vila: *Os Mulos, Os do Pinsel, Vou*

nun Bou e tamén, pegando forte dende 2013, a comparsa novel *Os Kantaclaro*.

Tampouco queremos esquecer aquí a todas esas persoas que preparan con igual esmero a chegada das noites de troula. Pois aínda que formalmente non constitúan o arquetipo tradicional de comparsa, grupos e pandillas con elaborados disfraces, así como persoas individuais que nunca se perden os festexos, xogan un papel fundamental no mantemento e consolidación da festa.

Por último, expresarlle o noso agradecemento a Arturo Sánchez Cidrás pola súa desinteresada e inestimable axuda e colaboración. A Jose Castro, Julio Pastoriza, e, en definitiva, a todos e todas vos que facedes posible esta celebración.

Longa vida ó entroido !

Se ti tamén queres a que esta exposición siga medrando ano tras ano, pon o teu graniño de area e envíanos calquera documentación que gardes relacionada co entroido local: letrillas, fotografías, notas de prensa... Contribúe a documentar a historia do entroido en Bueu contactando connosco en:

cultura@concellodebueu.org